

MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA Nº 2

CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN “ PARA A PUBLICACIÓN NA INTERNET DUN DICCIONARIO DE GALEGO, CON CORRESPONDENCIAS EN CASTELÁN, PORTUGUÉS E INGLÉS”. ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO. PROCEDIMIENTO ABERTO.

En Santiago de Compostela, sendo as 13.00 horas do día 18 de outubro de 2007, na Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), reúnese a Mesa de Contratación que cualificará a documentación administrativa presentada polas empresas no trámite de emenda e procederá á apertura pública das ofertas económicas presentadas para optar ao contrato citado no encabezamento.

A Mesa está integrada polas seguintes persoas:

PRESIDENTA: D^a Cristina Rubal González, subdirectora xeral de Política Lingüística da SXPL

VOCAIS: D. Joaquín Macho Canales, asesor xurídico da Xunta de Galicia
D. José L. Ledo Andión, pola Intervención Delegada da Presidencia da Xunta de Galicia.
D^a M^a Victoria Penas Murias, xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística
D. Nita Ferreiro Novoa, xefa do Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico da SXPL

SECRETARIA: Actúa como secretaria D^a M^a del Carmen Rodríguez Pérez.

1. Abre o acto a presidenta da Mesa e cualifícase a documentación administrativa achegada pola empresa á que lle foi requirida no trámite de emenda (mediante FAX e anuncio no taboleiro de edictos da SXPL). Presentou a documentación dentro do prazo establecido (ata as 12:00 horas do día 18 de outubro de 2007). O resultado desta cualificación é o seguinte:

Empresa	cualificación	observacións
IR INDO EDICIÓNS, S.L.	Excluída	Presenta documentación para completar a solvencia técnica profesional. Presenta a escritura de modificación de estatutos con data do 16 de outubro de 2007, posterior á data do remate de presentación de ofertas.

2. A continuación procédese ao acto público de apertura das ofertas económicas, coa presenza dos representantes das empresas licitadoras. O acto transcorre do seguinte xeito:

- Infórmase ao público das empresas que se presentaron ao concurso e do resultado da cualificación da documentación administrativa.
- Móstranse os sobres ás persoas interesadas para os efectos de comprobar e acreditar que non houbo manipulación dos mesmos.
- Ofrécese ao público a posibilidade de formular dúbidas ou pedir explicacións, sen que se formule ningunha.
- Logo diso, procédese á apertura dos sobres que conteñen as ofertas económicas, co seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA Tipo: 63.280 €	PRAZO EXECUCIÓN Tipo: 4 meses
DISCOUNT INFORMÁTICA	44.296,00 €	1 mes

- Rematada a apertura ofrécese aos asistentes a posibilidade de facer observacións ou anunciar a presentación de reclamacións, sen que ningún manifeste nada ao respecto.

3.- Logo diso, a Mesa acorda solicitar un informe técnico de valoración das ofertas para formular a proposta de adxudicación.

4.- Acordan, así mesmo, reunirse de novo, quedando pendente de fixar a data da seguinte sesión, para formular a citada proposta.

E, non habendo mais asuntos que tratar, ás 13.30 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta no lugar e data arriba indicados.

Cristina Rubal González

Joaquín Macho Canales

José L. Ledo Andión

M^a Victoria Penas Murias

Nita Ferreiro Novoa

M^a del Carmen Rodríguez Pérez